



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

BASES 3X3 BALONCESTO CONCELLO DE ORDES

Data	23 e 24 agosto 2023 (a partir das 19:00 h.)
Lugar	Pavillón Castelao 2
Horario	Adxuntos
Categorías	- De 13 a 17 anos - 18 anos ou máis
Inscrición	Ata o 14 de agosto - Presencialmente no departamento de Deportes, 1º andar - A través do email: marcos.gandara@ordes.gal

1.- Xogarase media pista (unha canastra).

2.- O formato de competición será:

- **Menores (13 a 17 anos):**

Un grupo de tres equipos en formato de liguilla a dúas voltas.

A clasificación no grupos virá marcada polo número de partidos gañados por cada equipo, tomando como referencia para as situacións nas cales sexa necesario desempate, o seguinte:

- Basquet-average entre equipos empatados a victorias.
- Basquet-average xeral.
- Puntos a favor.
- Puntos en contra.
- Menos faltas realizadas.

*No caso dos partidos que rematen en empate e se resolvan por desempate a través de tiros libres, o partido considerarase gañado e perdido por un punto, tendo en conta esta diferenza no basquet-average.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

- **Maiores de 18 anos:**

Dous grupos (A e B) formados por catro equipos, todos contra todos a unha volta. Os dous primeiros clasificados de cada grupo xogarán as semifinais (primeiro do grupo A contra segundo do grupo B e primeiro do grupo B contra segundo do grupo A).

A clasificación nos grupos virá marcada polo número de partidos gañados por cada equipo, tomando como referencia para as situacións nas cales sexa necesario desempate, o seguinte:

- a) Basquet-average entre equipos empatados a victorias.
- b) Basquet-average xeral.
- c) Puntos a favor.
- d) Puntos en contra.
- e) Menos faltas realizadas.

**No caso dos partidos que rematen en empate e se resolvan por desempate a través de tiros libres, o partido considerarase gañado e perdido por un punto, tendo en conta esta diferenza no basquet-average.*

3.- Os equipos estarán formados por cinco xogadores, dos cales dous comezarán coma suplentes..

4.- Cada equipo deberá nomear un capitán que será o representante único.

5.- Cada partido será a 21 puntos con 2 de vantaxe e terá unha duración máxima de 10 minutos. Ao fin do tempo gañará o equipo que vaia por diante no marcador.

6.- No caso de que o partido remate en empate, lanzaranse tres tiros libres por tres xogadores distintos, gañando o equipo que máis enceste. Se unha vez feito isto persiste o empate continuarase lanzando ata que un xogador dun dos equipos erre, habendo encestado o xogador do outro equipo. Cada xogador non poderá volver a lanzar nos sistemas de desempate mentres non lancen todos os xogadores do equipo.

8.- Cada canastra vale un punto, excepto aquelas conseguidas dende fóra da área marcada de cor gris.

9.- A primeira posesión será sorteada.

10.- Os cambios realizaranse unha vez solicitados ao árbitro e co xogo e o tempo parado.

11.- As loitas supoñen sempre posesión para o equipo que defendía.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

12.- As faltas sacaranse sempre de banda, a partir da quinta falta de equipo todas as restantes sancionaranse cun tiro libre que terá un valor de dous puntos.

13.- Os xogadores serán eliminados ao cometer a súa quinta falta persoal.

14.- As faltas antideportivas ou graves sancionaranse con un tiro libre que terá un valor de dous puntos e posesión para o equipo que recibiu dita falta, poñendo o balón en xogo dende a banda a altura da liña divisoria.

15.- O xogador que cometa dúas faltas antideportivas ou graves, ou participe en liortas, será automaticamente expulsado do torneo.

16.- O equipo que se retrase máis de cinco minutos respecto ao horario de inicio do partido será penalizado coa perda do partido, cun resultado en contra de 21 a 0 puntos.

17.- As dúbidas en calquera xogada ou lance do xogo serán resoltas polos árbitros e pola mesa de control.

18.- Todo o non previsto nas presentes bases, resolverase de acordo co regulamento da Federación Española de Baloncesto.

19.- A inscrición en dito torneo supón a aceptación das presentes bases.